

Caldas de Reis, 21 de maio de 2024

Estimados pais:

Queremos informaros que a Consellería de Educación acaba de convocar AXUDAS destinadas á:

- **PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO (3º e 4º Ed. Primaria)**
  - **ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (1º e 2º Ed. Primaria)**
  - **ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR (1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º Ed. Primaria)**
- Presentarase unha **única solicitude por FAMILIA**, onde se fará constar todos os irmáns matriculados no centro escolar. Este formulario xa serve para solicitar as tres axudas convocadas.
- **A solicitude presentarase preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática FONDOLIBROS (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) mediante a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), achegando a través desta vía a documentación requirida. **(SÓ PARA USUARIOS CON CHAVE365 OU CERTIFICADO ELECTRÓNICO)**
- **A solicitude poderá presentarse na secretaría do centro** debidamente cuberta e asinada, achegando orixinal e unha fotocopia da documentación necesaria en cada caso. (No reverso desta folla especificase a documentación requirida para o trámite). O horario de secretaría é de 10:00 a 13:00h. Neste caso, a solicitude (Modelo ED330B) estará dispoñible para:
- Descargarse na seguinte páxina Web:  
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>.
  - Cubrirse de forma telemática na aplicación FONDOLIBROS (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) e imprimila para presentala no centro.
  - Recoller unha copia na secretaría do centro ou cubrir a copia que se xunta a este e-mail.
- **É IMPORTANTE** cubrir o apartado de datos dos membros computables da unidade familiar (Anexo II). Asinarán todos os membros da unidade familiar que dispoñan de DNI, incluídos os menores de idade, a excepción da persoa solicitante. **No caso dos menores, deberá asinar ou ben o pai ou a nai.** Mediante este anexo autorízase a consulta de identidade e grao de discapacidade na primeira táboa, e dos datos relativos a declaración da renda na segunda táboa. **Deben cubrirse e asinarse as dúas táboas.** En caso de denegarse a consulta, deberá presentar fotocopia da documentación (DNI, Renda do exercicio 2022 e Certificado de minusvalía)
- Os nomes consignados na solicitude deberán coincidir exactamente co DNI (nomes compostos, ortografía...). No caso de non coincidir, para poder tramitar a beca será preciso entregar copia do DNI, xa que o programa non dará por válida a comprobación de datos.
- A contía das axudas é de:

AXUDA PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (1º e 2º EP)	Renda per cápita familiar ata 6.000€	240 €
	Renda per cápita familiar dende 6.000 € ata 10.000 €	160 €
FONDO SOLIDARIO (3º e 4º EP)	Renda per cápita familiar ata 6.000 €	6 libros
	Renda per cápita familiar dende 6.000 € ata 10.000 €	4 libros
MATERIAL ESCOLAR (TODOS)	Renda per cápita familiar ata 6.000 €	75 €
	Renda per cápita familiar dende 6.000 € ata 10.000 €	60 €

- **O prazo de presentación de solicitudes é do 21 de maio ao 21 de xuño (ambos incluídos)**
- **Os vales non serán entregados ata despois do 30 de xuño.**
- Para ter dereito ao vale ou o fondo solidario, os alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria que foron beneficiarios do fondo durante o curso 2023/2024, **deberán devolver os libros en bo estado ao centro escolar unha vez rematado o curso escolar (21 de xuño)**. En caso contrario, perderán o dereito á axuda.
- As **listaxes provisionais** correspondentes ao **fondo solidario** publicaranse o **12 de xullo**, e as **definitivas**, o **26 de xullo**. Poderedes consultalos no centro ou ben por teléfono.
- *Normativa aplicable: ORDE do 7 de maio de 2024 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2024/25 (códigos de procedemento ED330B, ED330G e ED330H).*

### **Documentación a presentar:**

#### • **DOCUMENTACIÓN XERAL:**

- Libro de Familia, onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- Custodia (nos casos de ruptura familiar), sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
- Se o libro de familia non reflicte a situación a 31/12/2022, poderase acreditar a situación familiar a través dos seguintes medios:
  - Certificado ou volante de convivencia.
  - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Grao de discapacidade, se non está recoñecido pola Xunta de Galicia.
- Documentación acreditativa en caso de Violencia de xénero.

#### • **ALUMNADO CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 65%**

- Grao de discapacidade, se non está recoñecido pola Xunta de Galicia.

#### • **ALUMNADO TUTELADO POLA XUNTA**

- Resolución administrativa ou xudicial xustificativa do acollemento.

#### • **NO CASO DE DENEGAR AS AUTORIZACIÓNS RECOLLIDAS NO ANEXO II**

- Copia do DNI de todos os membros computables da unidade familiar.
- Copia do Imposto sobre as Renda das Persoas Físicas do exercicio 2022 de tódolos membros computables da unidade familiar, ou, de ser o caso, o Certificado de Imputacións.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.

\* Lembramos aos **nenos/as de 3º e 4º de Educación Primaria** que para poder beneficiarse do fondo solidario é imprescindible que presenten a solicitude.

*Recomendamos, polo tanto, que todos os nenos/as, sen excepción, presenten o formulario.*

**Para máis información, podedes dirixirvos á Secretaría do centro (Ana), ben por teléfono ou de xeito presencial en horario de 10:00 a 13:00h.**